

Pero Mafaldo

Rubrica

Pero d'Ambroa, haveredes pesar
do que nós ora queremos fazer:
os trobadores queremos poer
que se nom faça tanto mal cantar,
nem ar chamemos, per nẽum amor
que lh'hajamos, nulh'home trobador
senom aquel que souber [i] trobar.

E pesará-vos muit', eu ben'o sei,
do que vos eu direi, per bõa fé:
polo vilão, que vilão é,
pom or'assi em seu degred'el-rei
que se nom chame fidalgo per rem,
senom os dentes lhi quitem por en;
e diz: "Assi o escarmentarei".

Ar pesará-vo-l'o que vos disser
(est'é pesar e pesar com razom):
ca manda el-rei que se demandar dom
o vilão ou se se chamar segrel
e jograria nom souber fazer,
que lhi nom dê home [de] seu haver,
mais que lhi filhem todo quant'houver.